

Resolución do 26 de decembro de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades privadas sen fin de lucro para incrementar os usos da lingua galega nos ámbitos da familia, da infancia, da mocidade e do tempo de lecer.

De acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a Xunta de Galicia promove o uso do galego, lingua propia de Galicia. Por isto, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, en desenvolvemento do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado o 22 de setembro de 2004, e de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións, fai pública esta convocatoria, mediante a que pretende animar as entidades privadas sen fin de lucro a que realicen actuacións encamiñadas a aumentar o uso social da lingua galega a partir do seu emprego nos ámbitos da familia, da infancia, da mocidade e do tempo de lecer.

Na súa virtude, e segundo o disposto no artigo 7 do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e na súa disposición adicional segunda c), pola que se desconcentran competencias nos secretarios xerais da Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta convocatoria ten por obxecto regular, para o exercicio do ano 2008, a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades privadas sen fin de lucro con incidencia nos ámbitos da familia, da infancia, da mocidade e do tempo de lecer que presenten propostas de actuación para ampliar e reforzar os usos e os ámbitos de uso da lingua galega segundo os criterios e as medidas que se sinalan nesta convocatoria.

As subvencións irán dirixidas a incrementar os usos do galego no ámbito da familia, da infancia e da mocidade, e no tempo de lecer, co obxectivo de desenvolver as medidas que se recollen no Plan xeral de normalización da lingua galega estritamente circunscritas a estes ámbitos de actuación, de acordo cos seguintes obxectivos:

-Reforzar e incrementar a transmisión xeracional do galego.

-Ampliar a presenza da lingua galega nas actividades de lecer, sobre todo aquelas que signifiquen un reforzo do seu uso (teatro, obradoiros de lectura e de escrita, etc.)

-Vincular a utilización da lingua galega con ámbitos de prestixio e modernidade.

-Fomentar o uso do galego nas tecnoloxías da información e da comunicación, dirixidas aos ámbitos da familia, da infancia e da mocidade, e do lecer.

-Apoiar aquelas actividades con incidencia na potenciación dos usos do galego no ámbito económico e socio-laboral, enfocadas á transmisión xeracional da lingua galega, á infancia e á mocidade, e ao tempo de lecer.

-Traballar as actitudes positivas cara á lingua galega que combatan os prexuízos e fomenten a autoestima e a lealdade lingüística.

-Desenvolver actividades regulares en lingua galega que fuxan da ritualización e da vinculación a aspectos folclóricos e reduccionistas, co obxectivo de converter na lingua habitual de comunicación tanto formal como informal.

Os proxectos realizaranse desde o día 1 de xaneiro ata o 31 de outubro do ano 2008.

Artigo 2º.-*Suxeitos.*

Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta resolución todas as entidades sen fin de lucro legalmente constituídas.

Quedan excluídas as seguintes:

a) As dependentes ou relacionadas con entidades locais, ou calquera outra Administración pública.

b) As asociacións de nais e pais de alumnos.

c) As diferentes agrupacións das entidades citadas nos puntos anteriores.

Cada entidade solicitante poderá presentar un único proxecto, que poderá englobar unha ou varias das actividades do artigo 5º desta convocatoria. Quedarán eliminadas automaticamente as peticións que excedan este número.

Artigo 3º.-*Orzamento.*

As subvencións concederanse con cargo á partida orzamentaria 04.60.151A.481.0 por unha contía inicial máxima de 850.000 euros, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias. En todo caso, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, e ao disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Artigo 4º.-*Órgano competente para a xestión das axudas.*

Corresponderalle á Secretaría Xeral de Política Lingüística, a realización das tarefas de xestión desta convocatoria, sempre de acordo coa existencia de disponibilidades orzamentarias. Para isto crearase unha comisión de avaliación presidida pola subdirectora xeral de Política Lingüística, ou persoa en quen delegue, composta polos seguintes membros:

-A xefa de Servizo de Xestión e Promoción Lingüística.

-Un funcionario ou un técnico da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

-Dous representantes da Comisión de Seguimento e Impulso do Plan xeral de normalización da lingua galega

-Un membro da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

Artigo 5º.-*Actividades subvencionables.*

Terán a consideración de subvencionables todas as accións que desenvolvan as seguintes medidas ou

incidan en cuestións relacionadas con elas, sempre que incrementen o uso da lingua galega na familia, na infancia e na mocidade:

-Potenciar a transmisión da lingua galega no seo da familia.

-Promover o desenvolvemento de accións en lingua galega para o tempo de lecer.

-Propiciar que as persoas responsables dos servizos persoais á comunidade (educadores/as, traballadores/as sociais, monitores/as, asistentes sociais, técnicos/as culturais etc.) sexan dinamizadoras da lingua galega, e completen a formación lingüística e sociolingüística e de lecer con maior demanda entre a mocidade.

-Fomentar o uso do galego nos ámbitos sociais de máis impacto e máis utilización por parte da xente nova (pubs, bares musicais, discos, etc.).

-Promover o desenvolvemento de actividades de lecer en lingua galega para a infancia e a mocidade e estimular a participación nestas de nenos e nenas.

-Interrelacionar mozos/as de diferentes ámbitos xeográficos e perfís lingüísticos a través de actividades de lecer.

-Fomentar a realización de obradoiros de lingua que presenten o galego como unha actividade lúdica, co obxectivo de desfacer prexuízos entre a mocidade e de constituír un ámbito onde se practique de forma efectiva a lingua.

-Promover a creación de soportes diversos en galego (revistas en papel e en formato electrónico, sitios web, weblogs, cadernos...) que difundan aspectos de interese para a mocidade (música, deportes, cine, videoxogos...), promocionando as actividades de grupos e colectivos locais.

-Incorporar a produción cultural galega aos espazos de lecer e impulsar a aparición en galego dos xéneros e das estéticas que hoxe teñen éxito entre rapaces/as e mozos/as.

-Incorporar, con formas novas, a riqueza lingüística e o patrimonio cultural de Galicia ás actividades de lecer destinadas á xente nova ou urbana.

-Elaborar recursos para o lecer e xogos en lingua galega, con especial atención á xente nova.

-Crear e adaptar ao galego programas e xogos informáticos destinados á infancia e á mocidade.

-Incentivar a vinculación entre a natureza, o turismo rural e a cadea ecolóxica cos nomes das cousas e dos lugares e coa lingua que neles se creou e pervive.

En todo caso, poderán ser obxecto de subvención todas as actuacións que vaian dirixidas a algunha ou varias destas medidas, tanto os plans xerais de fomento da lingua galega, como a creación de gabinetes de normalización, a confección de documentación (publicacións, cómics, folletos, revistas e boletíns, material lúdico e/ou educativo, etc.), as actividades de creación audiovisual e na internet, a realización de programas de radio e TV non publicitarios, o desenvolvemento de actividades culturais (congresos, premios, animación

socio-cultural, obradoiros, certames...), as campañas de sensibilización e a publicidade en calquera soporte, os portais e páxinas web, os blogs, entre outras.

Artigo 6º.-*Requisitos.*

Os proxectos beneficiarios das subvencións outorgadas ao abeiro desta convocatoria deberán cumprir as seguintes especificacións:

-Só se subvencionarán proxectos que estean correctamente realizados en galego, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro, e nas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega na sesión plenaria do día 12 de xullo de 2003).

-Os proxectos respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo co preceptuado no artigo 10º da citada Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

-As actuacións propostas deberán realizarse en lingua galega, e os contidos, orais, escritos ou dixitais, terán que ser o suficientemente amplos como para ser identificados como feitos en galego. Polo tanto non serán subvencionables as actividades con escaso ou nulo contido en lingua galega nin os textos que coincidan literalmente con outra lingua distinta do galego.

En todo caso, e para estes efectos, a Secretaría Xeral de Política Lingüística pon ao dispor dos posibles adxudicatarios os seus servizos técnicos.

Artigo 7º.-*Criterios de concesión e de valoración.*

Os proxectos que se presenten deberán ser técnica e financeiramente viables e os criterios preferentes de concesión, coa súa correspondente valoración, serán os que a seguir se relacionan:

-O grao de relación coas medidas que, vinculadas ao incremento de usos do galego nos ámbitos aos que se dirixe esta convocatoria, aparecen no Plan xeral de normalización da lingua galega e que se inclúen no obxecto e no artigo 5º desta resolución: 0-30 puntos.

-A tipoloxía, elaboración, innovación, creatividade e alcance do proxecto: 0-30 puntos.

-A experiencia no desenvolvemento de actividades de dinamización lingüística e de lecer entre a infancia e a mocidade, e de actuacións de transmisión xeracional nas familias: 0-15 puntos.

-O desenvolvemento de actuacións que estendan ou reforcen o emprego do galego en espazos frecuentados polos colectivos aos que se dirixe esta convocatoria e con escasa presenza da lingua galega: 0-15 puntos.

-A realización de proxectos que combatan prexuízos ou que fomenten actitudes positivas cara ao uso da lingua galega, á lealdade e á autoestima lingüísticas: 0-10 puntos.

Con carácter xeral, as propostas valoraranse de acordo cos criterios de concesión especificados na táboa precedente, con suxeición estrita ás dispoñibilidades orzamentarias desta convocatoria.

Na valoración dos proxectos que desenvolvan un plan xeral de fomento da lingua galega ou que procedan dun colectivo moi amplo e de gran peso específico, poderá repercutirse un coeficiente multiplicador proporcional ao dimensionamento, características e complexidade da proposta, da entidade que a vai desenvolver e dos receptores.

Para obter unha subvención os proxectos terán que conseguir unha puntuación global mínima de 40 puntos de acordo cos parámetros sinalados na táboa precedente, en caso contrario rexeitaranse automaticamente e o expediente arquivarase sen máis trámite.

Artigo 8º.-*Solicitudes, prazo e documentación.*

As solicitudes, no anexo oficial, xunto coa documentación correspondente, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela), ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Decreto 164/2005, do 16 de xuño, que regula e determina as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e regula a atención ao cidadán.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados achegarán a seguinte documentación na orde que se cita:

1. Solicitud debidamente cuberta e asinada, utilizando os anexos I e II desta convocatoria. Nela especificaranse claramente as características dos proxectos, sendo estritamente obrigatorio que todas as epígrafes aparezan cubertas, coa finalidade de seren valoradas pola comisión que se enuncia no artigo 4º. Os anexos I e II poderanse obter, ben directamente no *Diario Oficial de Galicia* no que se publique esta resolución, ou ben na páxina da internet <http://xunta.es/linguagalega>.

2. Fotocopia compulsada dos estatutos debidamente rexistrados.

3. Acreditación da personalidade do solicitante e da súa representación legal, mediante fotocopia compulsada da acta na que se recolle o nomeamento no cargo que posúe a capacidade de representación legal da entidade ou, se é o caso, mediante resolución do órgano competente na que se lle concede ou delega o poder de representación na persoa que asina a solicitude.

4. Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

5. Certificado orixinal actualizado no que consten os datos bancarios completos, selado e asinado pola entidade financeira.

6. Documentación relativa ao proxecto que se vai desenvolver:

-Cando se trate de rotulación permanente e da rotulación ou impresión que teña fins publicitarios, na etiquetaxe e embalaxe, así como na documentación permanente deberá acompañarse o texto en galego

que se pretende imprimir. O citado texto deberá estar corrixido por algún especialista en lingua galega. Para isto a Secretaría Xeral de Política Lingüística pon ao dispor dos interesados os seus servizos técnicos e o persoal dos gabinetes de normalización lingüística radicados nas delegacións provinciais.

-Cando se trate de proxectos que inclúan a creación ou mantemento de gabinetes lingüísticos, haberá que presentar coa solicitude a data de posta en marcha do citado gabinete e o perfil académico da persoa ou persoas que o integrarán, achegando para isto copia compulsada do título de licenciatura en filoloxía galego portuguesa ou titulación equivalente. Así mesmo, xuntarán un informe ou memoria no que se recollan polo miúdo as funcións e actividades que vai desenvolver.

7. Memoria explicativa na que se detallen as actividades que integran o proxecto para o que se solicita a subvención, e na que se faga mención, como mínimo, aos seguintes aspectos:

-O interese da actuación

-A relación do proxecto coas medidas que aparecen no Plan xeral de normalización da lingua galega, vinculadas ao incremento de usos do galego nos ámbitos aos que se dirixe a convocatoria.

-A orixinalidade e o carácter innovador das accións que se van realizar.

-A repercusión territorial do proxecto.

-O calendario de execución das actividades.

-O potencial número de beneficiarios/interesados aos que vai dirixido.

-A contribución ao combate de prexuízos e ao fomento de actitudes positivas cara ao uso da lingua galega, á lealdade e á autoestima lingüísticas.

8. Orzamento desagregado de ingresos e de gastos do proxecto.

9. Breve descrición das actuacións que desenvolveu a entidade ata o ano 2007, con especial mención das actividades que teñan relación co obxecto desta resolución.

10. Listaxe das subvencións outorgadas por esta Secretaría Xeral de Política Lingüística nas convocatorias de 2005 a 2007, se é o caso, expresando a clave do expediente, o concepto e o importe percibido.

11. Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, e de non acharse incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario (anexo II).

Artigo 9º.-*Procedemento.*

Recibida cada solicitude de subvención e a súa documentación, será analizada e, se é o caso, se requirirá aos solicitantes para que nun prazo de dez días hábiles emenden os posibles erros ou ausencias de documentación, preferentemente por correo certificado dirixido á Secretaría Xeral de Política Lingüística. San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela. Se transcorrido este prazo non se eliminasen as deficiencias observadas, os expedientes arquivarase sen máis trámite. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos da convocatoria

serán valoradas pola comisión segundo os criterios establecidos no artigo 7º. Posteriormente a presidenta da comisión achegaralle a proposta correspondente á Secretaría Xeral de Política Lingüística, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias. A resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e poralle fin á vía administrativa.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Secretaría Xeral de Política Lingüística no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Entenderanse denegadas as solicitudes, de non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 10º.-*Aceptación da subvención e compromisos dos beneficiarios.*

No prazo máximo de dez días contados a partir da publicación da resolución, as entidades seleccionadas terán que lle comunicar por escrito á Secretaría Xeral de Política Lingüística a súa renuncia á subvención concedida, se é o caso, indicando as circunstancias polas que se produce, de non ter renunciado expresamente no período mencionado entenderase que aceptan a subvención e as obrigas e compromisos que isto supón.

Os beneficiarios das subvencións quedarán obrigados a remitir a xustificación correspondente, segundo se recolle no artigo 11º desta convocatoria, e a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos, e non poderán solicitar o cambio para outro proxecto. Tamén teñen a obriga de lles facilitar aos servizos competentes da Secretaría Xeral de Política Lingüística toda a información que se lles requira. Así mesmo, cando o xulgue conveniente, nun período de ata tres anos contados desde a concesión da axuda, poderá comprobar e avaliar por medios internos ou externos, a execución dos proxectos subvencionados. De detectarse calquera irregularidade ou incumprimento a Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá tomar as medidas que considere oportunas.

Nas publicacións en soporte papel, audiovisual ou na rede, e unicamente nestes casos, constará o carácter público do financiamento da Xunta de Galicia, coa mesma técnica que os créditos da entidade promotora, empregando para iso os logotipos aprobados pola imaxe corporativa que poderán consultar no seguinte enderezo www.xunta.es/identidade-corporativa/pax/pax03.htm da web da Xunta de Galicia. O texto deberá ser: «Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística». A utilización indebida e/ ou incorrecta deste texto será motivo de perda da subvención.

A Secretaría Xeral reserva para si, con carácter indefinido, os dereitos de uso e difusión dos recursos,

publicacións ou materiais en calquera formato (impreso, audiovisual ou dixital), de carácter lingüístico, didáctico, educativo ou lúdico que resulten subvencionados, mencionando sempre a súa autoría e a súa procedencia.

Artigo 11º.-*Xustificación.*

O prazo improrrogable de xustificación e entrega da totalidade da documentación que a seguir se relaciona, nas condicións recollidas nesta convocatoria, ábrese a partir da publicación da concesión das axudas e rematará o día 31 de outubro do ano 2008.

Ata esa data as entidades deberán remitir a seguinte documentación á Secretaría Xeral de Política Lingüística, xunto cun escrito no que se cite o número de expediente e os documentos achegados:

1. Xustificantes orixinais, ou fotocopia compulsada, dos gastos realizados, de acordo coa resolución de concesión e nos termos expresados no proxecto presentado, por un valor mínimo equivalente ao da axuda outorgada, excluído o IVE. Únicamente se cursarán requirimentos no caso da existencia de facturas que presenten defectos de forma.

2. Só se admitirán xustificantes relativos a gastos de material e servizos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude.

2.1. Con carácter xeral, non terán a consideración de subvencionables os conceptos que a seguir se relacionan:

a) Adquisición de material inventariable (ordenadores, cámaras, etc.); consumibles (cartuchos de tinta, disquetes, carretes de fotografías, cintas, etc.); material de oficina (bolígrafos, arquivadores, etc.).

b) Compra de libros, material didáctico ou vestiario, con distintos fins dentro das accións que se propoñan.

c) Gastos de desprazamento, manutención e aloxamento, axudas de custo e quilometraxe.

d) Alquileres dos locais da entidade e gastos correntes de funcionamento.

e) Gastos relativos á celebración de ágapes e actos análogos.

f) O imposto sobre o valor engadido (IVE). Si será subvencionable cando a entidade acredite que non está dada de alta no imposto sobre o valor engadido, mediante certificación expedida pola correspondente axencia tributaria ou delegación do Ministerio de Economía e Facenda.

Só se aceptarán xustificantes de gasto das epígrafes a) e b) cando se acredite que resulta imprescindible para a realización do proxecto (ou que deberá aparecer na memoria que se xunte á solicitude), e sempre que no concepto das facturas que se acheguen conste a actividade de dinamización que se desenvolveu.

Admitiranse as nóminas de persoal da entidade, que terán que vir acompañadas dunha certificación en que se especifique a parte proporcional dedicada á realización das accións subvencionadas, en tempo e custo.

Na elaboración de revistas, boletíns, folletos e similares, o gasto xustificárase preferentemente con facturas expedidas por imprentas e coas relativas á súa distribución, se é o caso.

As datas dos xustificantes estarán comprendidas entre o día 1 de xaneiro e o 31 de outubro do ano 2008.

3. Relación numerada dos xustificantes mencionados no punto anterior, que incluíra o número de factura, o emisor, a suma parcial folla por folla e a suma total da relación.

4. Mostras materiais da realización do proxecto subvencionado (informe de prensa, disquetes, publicacións, fotografías lexibles, vídeos, gravacións magnetofónicas, etc.) e do correcto emprego do galego nos termos do artigo 6º desta convocatoria. Cando se trate de actividades de dinamización sociocultural e de lecer achegárase un informe completo que acredite a realización de todas as actuacións proxectadas.

5. Cando se trate de subvencións para a creación ou mantemento de gabinetes de normalización deberán presentar copias compulsadas do contrato das persoas que o integran, debidamente rexistrado, e das nóminas subseguintes. Así mesmo, haberán de xuntar un informe no que se especifiquen e documenten as actividades realizadas, coas mostras materiais que consideren oportunas como soporte do mencionado informe ou memoria.

6. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, na que se especifique claramente a clave do expediente ou ben o concepto subvencionado (pódese utilizar o anexo II da convocatoria). De ser afirmativa deberá expresar os importes e a súa procedencia, e xuntar facturas ou xustificantes de gasto por unha contía equivalente á suma do total das subvencións para idéntico obxecto.

O incumprimento de todo o anterior por parte dos interesados dará lugar ao arquivo do expediente sen máis trámite.

Os beneficiarios quedarán obrigados a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Así mesmo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística reserva para si o dereito de realizar, en calquera momento, ata transcorridos tres anos desde o momento da resolución de concesión das axudas, as comprobacións e avaliacións que considere oportunas sobre o proxecto presentado e a súa xustificación.

Artigo 12º.-*Libramento dos fondos.*

Cumpridas correctamente as obrigas recollidas no artigo 11º, a Secretaría Xeral de Política Lingüística propondrá o libramento dos fondos de acordo coa normativa orzamentaria vixente. O pagamento da axuda poderá minorarse porcentualmente en función do gasto xustificado.

Artigo 13º.-*Perda da subvención.*

Calquera alteración da actividade verbo dos datos que figuran no impreso de solicitude e calquera outro incumprimento das normas contidas nesta resolución terá como consecuencia a revogación da axuda. A entidade interesada terá que reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, e mais os xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento.

No caso de que se lle conceda outra subvención por esta mesma finalidade no prazo de vixencia desta convocatoria, a entidade terá que llo comunicar á Administración. A este respecto, é de aplicación o disposto no artigo 11 d) e no 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o cal o importe da subvención minorárase cando a súa contía, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, supere o 100% do investimento.

Artigo 14º.-*Rexistro de axudas e subvencións.*

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, en cumprimento co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Secretaría Xeral fará públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións concedidas así como ás sancións impostas aos beneficiarios. A reserva que o petionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que comunicar expresamente á Administración, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación na convocatoria de subvencións ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Secretaría Xeral de Política Lingüística para ditar, no ámbito das súas competencias, as aclaracións precisas con relación a esta resolución.

Segunda.-Esta convocatoria adáptase ao carácter básico do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de aplicación xeral de subvencións, e ao seu desenvolvemento, e á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2007.

María Sol López Martínez
Secretaría xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PRIVADAS SEN FIN DE LUCRO PARA INCREMENTAR OS USOS DA LINGUA GALEGA NOS EIDOS DA FAMILIA, DA INFANCIA, DA MOCIDADE E DO TEMPO DE LECER	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR103A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		CIF	
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		PROVINCIA	LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (CASO DE SER DIFERENTE DO/A SOLICITANTE)

REPRESENTANTE (QUEN ASINA A SOLICITUDE)		DNI/CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	
ÁMBITO TERRITORIAL DE REALIZACIÓN DO PROXECTO	
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	CANTIDADE SOLICITADA

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Fotocopia da tarxeta de identidade fiscal.
 Memoria explicativa das actividades que se queren realizar.
 Orzamento de ingresos e de gastos do proxecto.
 Breve descrición das actividades que desenvolveu a entidade ata o ano 2007.
 Certificación bancaria orixinal.
 Subvencións outorgadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en anteriores convocatorias (2005-2007).

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Secretaría Xeral publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta resolución; e incluírá igualmente as referidas axudas e sancións, que como consecuencia destas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>-Resolución do 26 de decembro de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades privadas sen fin de lucro para incrementar os usos da lingua galega nos ámbitos da familia, da infancia, da mocidade e do tempo de lecer.</i> <i>-Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).</i> <i>-Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____, de _____ de _____		

Secretaría Xeral de Política Lingüística

ANEXO II

**DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓN, E
DECLARACIÓN DE NON SE ACHAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓN PARA OBTEN A CONDICIÓ
DE BENEFICIARIO/A DE AXUDAS**

Don/Dona , con DNI nº
no nome e representación da entidade
con CIF nº

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a actuación denominada

A devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS	ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (euros)
CONCEDIDAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SOLICITADAS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración. Así mesmo, o/a representante DECLARA que a entidade non se atopa incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E, para que así conste ante a Secretaría Xeral de Política Lingüística, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

(Sinatura e selo da entidade)